

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa á derogación dos preceptos legais que privatizan os rexistros civís.

### Exposición de motivos

Na mesa sectorial de negociación celebrada ao remate do mes de abril, o ministro de xustiza anunciou o abandono do proxecto que privatizaba o rexistro civil. Alternativa Galega da Esquerda celebra un anuncio forzado pola loita e mobilizacións das traballadoras e traballadores públicos co apoio xeral da cidadanía.

Os anuncios do ministro, nas vésperas electorais, son claros:

- A derogación do decreto 8/2014 no que outorgaba a xestión dos rexistros aos rexistradores mercantís e da lei 18/2014, de convalidación do devandito decreto e que confería a notarios e rexistradores disposicións sobre a encomenda de nacionalidade dos sefardíes, todo elo mediante a presentación de emendas ao proxecto de lei de reforma administrativa e do rexistro civil.
- O adiamento da entrada en vigor da lei 20/2011 alomenos ata a segunda metade do 2016.

Anuncios claros que requiren facérense efectivos con urxencia. A ampliación ate o xoves 14 de maio do período de presentación de emendas ao proxecto de lei de reforma administrativa no eido da administración de xustiza e do rexistro civil é un paso previo que delimita o tempo máximo permitido para que o contido desas emendas se corresponda co anunciado polo ministro e conteña a derogación desa privatización e a vacatio legis da norma 20/2011.

En contestación a unha pregunta formulada pola Esquerda Plural o goberno sinalou que busca agora unha reforma pactada e consensuada.

Polo sinalado, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a se dirixir ao goberno central para que derogue aos preceptos legais que privatizaban o rexistro civil.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a se dirixir ao goberno central para que o rexistro civil forme parte da administración de xustiza e sexa servido por persoal funcionario.

En Compostela, a 13 de maio do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 13/05/2015 13:02:55**